

# Perspectivas de futuro inmediato en América Latina

Desde hai doce anos, América Latina vive un conxunto de procesos políticos e sociais progresistas; uns procesos que supoñen que a maioría da poboación do subcontinente está dirixida por gobernos que buscan unha alternativa ao actual modelo económico e social do neoliberalismo; unha alternativa plural que a todos os países chegou por vía electoral; unha vía máis de actuación política que algunhas lecturas reduccionistas desbotan por consideraren que a loita de clases non se pode manifestar nas eleccións.

DUARTE CORREA PIÑEIRO

Licenciado en Historia e sindicalista.

Secretario de Relacións Internacionais da Unión do Povo Galego

Mais, á hora da verdade, esta vía non é nova, senón que xa fora valorada polos clásicos do marxismo:

“Com esta utilización vitoriosa do sufrágio universal entrara en acción um modo de luta totalmente novo do proletariado, modo de luta esse que rapidamente se desenvolveu. Viu-se que as instituições estatais em que a dominação se organiza ainda oferecem mais possibilidades através das quais a classe ope-

rária pode lutar contra essas mesmas instituições estatais”<sup>1</sup>.

“Os revolucionários sem experiência pensam freqüentemente que os meios legais de luta são oportunistas, pois a burguesia enganava e mistificava os operários com particular freqüência neste terreno (sobretudo nos períodos “pacíficos”, não revolucionários), e que os meios ilegais de luta são revolucionários. Mas isto é falso”<sup>2</sup>.

Podemos considerar o triunfo de Hugo Chávez nas eleccións presidenciais de Venezuela do 6 de decembro de 1998 o inicio deste período.

## PROCESOS POLÍTICOS PLURAIS.

Os distintos procesos políticos que se veñen desenvolvendo ao longo destes anos están unidos por dúas características: unha é o empeño en atoparen un camiño propio que permitir o desenvolvemento de cada pobo, partindo da súa realidade e da súa historia; a outra é a decisión de camiñaren nunha integración latinoamericana que, conforme avanza, está a supor un paulatino retroceso da influencia histórica dos Estados Unidos na rexión, unha rexión que sempre consideraron como o seu patio traseiro.

1 Engels, F. “Introdução á Edición de 1895 de As Lutas de Classes em França”, *Obras Escolhidas de Marx e Engels*, Tomo 1 [pp. 220-221], Edições Avante! 2008

2 Lênine, V. “A doença infantil do esquerdismo no comunismo”; *Obras Escolhidas de Lênine*, Tomo 5 [p. 152], Edições Avante!/Edições Progresso. 1986

Mais ao tempo que atopamos os elementos de unión, non podemos caer no erro de pór a mesma etiqueta a todos. Está claro que non hai un centro dirixente que planifique e guíe cada un dos pasos que se dan, pois non hai unha soa esquerda latinoamericana, senón que, ao contrario que noutros momentos históricos, os propios protagonistas falan de *esquerdas latinoamericanas*<sup>3</sup>, recoñecendo, deste xeito, a pluralidade e peculiaridade de cada un dos procesos.

Este novo período ábrese despois duns anos de estancamento e desorientación debidos, en grande parte, ao efecto desmobilizador provocado pola caída dos réximes socialistas da Europa do leste, caída que provocou unha fonda crise en moitos partidos comunistas e progresistas en Europa e América Latina, mesmo en moitos dos que non formaban parte da chamada 'ortodoxia moscovita'. Mais a caída do bloque soviético non levou consigo a desaparición de Cuba e do seu proceso revolucionario, un proceso que desde hai cincuenta anos combina nacionalismo e socialismo, servindo como bandeira de enganche para todos aqueles que buscan unha transformación en América Latina, xa sexan representantes dos partidos comunistas, do guevarismo, do indixenismo, do nacionalismo ou do chamado 'socialismo latinoamericano'. É común a referencia á revolución cubana na maioría dos líderes dos novos movementos emancipadores, desde Lula até Chávez.

Cada un dos procesos actuais tivo unhas causas propias que os desenca-



dearon, influíndo as mesmas na evolución posterior e consolidación:

"Nalgúns países, como Venezuela, Bolivia e Ecuador, o colapso e o enfraquecemento extremo da institucionalidade neoliberal, conduciu ao goberno a líderes que capitalizaron o descontento da cidadanía, a pesar de non contar de inicio con fortes partidos de esquerda. Noutros, como Brasil e Uruguai, foi o acumulado organizativo e político da esquerda o que levou aos seus candidatos á presidencia. A eles súmanse situacións como as de Arxentina e Honduras, onde a falta de candidatos presidenciais provenientes dos sectores populares emerxen figuras progresistas dos partidos tradicionais."<sup>4</sup>

Hugo Chávez e Fernando Lugo, os procesos políticos de Venezuela a Paraguai son moi distintos

3 Sobre este aspecto, consultar a entrevista a Walter Pomar Secretario de Relacións Internacionais do PT do Brasil o 13 de xaneiro de 2007 en <http://www.cartamaior.com.br> e o relatorio "Notas sobre a luta polo socialismo no século XXI" presentada por el mesmo no XIV Seminario Internacional *Los Partidos y la nueva sociedad* organizado polo PT de México en marzo de 2010.

4 Regalado, R. *América Latina Hoy. ¿Reforma o Revolución?*, pax. IX. Editorial Oceansur. 2009



As bases militares dos Estados Unidos de América son un perigo para a rexión

A estas tres caracterizacións, que non modelos, poderíamos engadir outra que é a dos movementos que, despois de disputar o poder pola vía armada nos anos setenta e oitenta do século pasado, con resultados moi dispares no seu momento, hoxe chegaron ao goberno pola vía electoral, sendo este o caso da FSLN en Nicaragua e a FMLN no Salvador.

E como mostra palpábel desa realidade variada, non podemos deixar de lado o proceso máis descoñecido e contradictorio neste momento: o do Paraguai, onde o Presidente Lugo ten na súa contra o parlamento bicameral no que só conta co apoio de dous senadores e un deputado, e mesmo algúns membros do seu goberno traballan tamén contra el, proceso no que tampouco hai unha base forte de organizacións sociais e políticas que impulsen os cambios.

**A PREOCUPACIÓN DE WASHINGTON.** Se a cruzada emprendida con-

tra o integrismo islámico, personificado en *Al-Qaeda*, como resposta aos atentados do 11 de setembro de 2001, supuxo unha redución na presión política e militar sobre o que sempre consideraron o seu patio traseiro, ao centrar grande parte da súa intervención exterior en Iraq e Afganistán, semella que os últimos anos de Bush e a chegada de Obama están a supor a volta dos ollos do Imperio cara a América Latina con preocupación. Esta preocupación débese a que, neste momento, hai unha grande competencia por controlar os recursos naturais do planeta e ao grande perigo que corren os intereses dos investimentos dos grandes monopolios norteamericanos na zona diante de moitos gobernos que empezan a actuar en función dos seus intereses nacionais, e non en función dos intereses dos EUA.

Eran moitos os que tiñan esperanza de que co acceso de Barack Obama á Casa Branca en xaneiro de 2009 algo ía mudar para ben na política exterior

## Nas eleccións lexislativas do 26 de setembro en Venezuela, e nas presidenciais e lexislativas do 3 de outubro no Brasil, Lula e Chávez xóganse moito

norteamericana, abríndose un novo tempo no que os EUA tratarían os estados veciños do sur de igual a igual, como sería de agardar nas relacións entre estados soberanos. Mais esa esperanza veuse frustrada só cinco meses despois da toma de posesión de Obama co golpe de estado que derrocou o presidente lexítimo de Honduras, o liberal Manuel Zelaya; un golpe de estado que criticaron inicialmente, mais apoiaron na sombra.

Hoxe, o intervencionismo dos EUA en América Latina<sup>55</sup> segue a manter os dous perfís tradicionais: o militarista; e o de presión e intervención na política interna.

No perfil claramente militarista, ademais do xa histórico bloqueo a Cuba, temos dous novos elementos: en primeiro lugar, a reactivación hai agora dous anos da IV Flota da mariña estadounidense, unha flota disolta no 1950 e que, segundo a argumentación do Pentágono para a súa reactivación, ten como principal obxectivo protexer o seu principal aliado na zona que é Colombia; e, en segundo lugar, o acordo asinado co goberno de Uribe para instalar cinco novas bases militares no territorio colombiano, como resposta á negativa do presidente ecuatoriano, Rafael Correa, e prorrogar o permiso de utilización da base de Manta que desempeña un importante papel na tentativa de derrocar Hugo Chávez en 2002 e desde a que se dirixiu a entrada de militares colombianos en Ecuador para atacar un campamento das FARC en 2008. Coas cinco novas bases Colombia, pasa a converterse en cabeza de ponte da intervención norteamericana na rexión.

E en canto á presión e intervención política, son comúns as campañas de desprestixio e ridiculización dos procesos boliviano, venezolano

e ecuatoriano nos EUA e Europa e as actuacións desestabilizadoras encubertas, alimentando económica e mediaticamente grupos opositores, ou realizando movementos a nivel internacional para evitar a consolidación das novas relacións económicas e das alianzas que algúns estados da zona como Brasil, Uruguai ou Venezuela, tentan crear con novos parceiros como China, Rusia, India ou Irán.

**PERSPECTIVAS ELECTORAIS.** O actual período iniciado en 2009 de convocatorias electorais en diversos países amosa unha relativa estabilidade na tendencia dos gobernos, pois en Uruguai e Bolivia revalidaron o triunfo a Frente Amplio e o MAS respectivamente, mentres Colombia continuará a política uribista no seu herdeiro Juan Manuel Santos.

En Chile o debate sobre a caracterización do goberno Bachelet<sup>6</sup> rematou coas eleccións presidenciais e lexislativas do pasado xaneiro, ao gañar a dereita herdeira do pinochetismo, sendo o novo presidente o magnate da comunicación, Sebastián Piñera, un dos novos valores cos que contan os EUA para o seu labor de zapa na rexión.

No que resta de ano, celebraranse catro procesos electorais: no Perú e Paraguai, as eleccións municipais; en Venezuela, as lexislativas; e no Brasil, presidenciais e lexislativas.

Perú e Paraguai farán unha lectura interna dos resultados, ao se consideraren en ambos os casos estas eleccións como unhas primarias das presidenciais de 2011 e 2013 respectivamente, sendo nesa idea na que traballan as diversas organizacións de esquerda e nacionalistas dos dous países.

55 Sobre o incremento da militarización dos EUA en América Latina, consultar o informe publicado no mes de maio de 2010 polo *Latin America Working Group Education Fund*, en <http://www.lawg.org>

6 Sobre a caracterización do goberno Bachelet é interesante o relatorio presentado por Guillermo Teillier, Presidente do Partido Comunista de Chile, no XIII Seminario Internacional *Los Partidos y la nueva sociedad* organizado polo PT de México en marzo de 2009.



No caso peruano, os bos resultados que obtivo en 2006 sitúan Ollanta Humala como candidato dos sectores populares á presidencia do país. Mais a consolidación da súa opción e a creación dunha unidade da esquerda ao redor del está a ter problemas, debidos sobre todo á aparición doutras opcións e á falta dunha organización forte que o sustente. Iso débese a que o Partido Nacionalista Peruano que dirixe non conta cunha estrutura consolidada, aínda que teña forte presenza nas zonas rurais, e nas conversas coas organizacións clásicas da esquerda (o PCP e *Patria Roja*), aínda recoñecendo estas en Ollanta o candidato mellor situado, non dan articulado unha fronte electoral que permitir un avance nas eleccións rexionais e municipais do 3 de outubro como paso cara ás presidenciais e lexislativas que se celebrarán en 2011.

No Paraguai, as eleccións municipais do 3 de novembro permitirán avaliar o grado de apoio que ten

neste momento Fernando Lugo que, polo de agora, mantén a presidencia nunha situación precaria. No mes de marzo, creouse a *Fronte Guasú* que integra vinte partidos e organizacións sociais e conseguiu inscribir candidaturas para 150 intendencias das 230 que ten o país. Iso representa un feito histórico na fragmentada esquerda paraguaia que terá nesta cita electoral unha difícil proba para amosar a súa unidade e capacidade para manter o apoio a Lugo, e para que este transitar con firmeza a senda progresista, cuestión hoxe moi complexa.

Nas eleccións lexislativas do 26 de setembro en Venezuela, e nas presidenciais e lexislativas do 3 de outubro no Brasil, Lula e Chávez xóganse moito. Mais as lecturas non van ser unicamente internas, pois o avance ou retroceso do proceso de transformacións de América Latina está intimamente relacionado co futuro político destes dous países, ao seren os motores económicos e políticos fundamentais no mesmo.

O 26 de setembro, Venezuela elixirá 165 escanos na Asemblea Nacional cun panorama moi complexo, marcado pola cada vez máis agresiva e descarada inxerencia exterior dos EUA con apoio económico aos grupos desestabilizadores, as campañas mediáticas de desprestixio nas que desempeña un papel central o grupo Prisa do Estado español e a actitude claramente provocadora de Colombia.

Ademais, a dereita opositora mudou de estratexia e non vai cometer o erro de abandonar a Asemblea Nacional, como fixo nas eleccións de 2005, deixando todos os escanos nas mans das organizacións que apoiaban o proceso bolivariano. Decatáronse de que, para teren algunha posibilidade de dar a volta á situación política do país, non poden deixar baleiros ámbitos de actuación tan importantes como o parlamentar.

No campo bolivariano, a situación non é a ideal, pois as melloras acadadas en materias como a saúde, o ensino ou o comercio exterior ven-

## En Venezuela a economía segue a ser totalmente dependente dunha produción petrolífera que, pode crear, nun momento de baixada de prezos, unha grave situación

se escurecidas polas dificultades para mellorar infraestruturas obsoletas como a eléctrica, os malos resultados do proceso de cooperativización da propiedade e os problemas para diversificar a produción industrial. Por tanto, a economía segue a ser totalmente dependente dunha produción petrolífera que, debido á volatilidade dos mercados, pode crear, nun momento de baixada de prezos, unha grave situación na economía venezolana. No aspecto político segue a ser a personalidade de Hugo Chávez o principal valor, pois o PSUV non se dá consolidado como estrutura política de masas e funciona máis como marca electoral do Goberno e paraugas para moitos dos que buscan medar á sombra do Presidente, que como unha verdadeira organización política. Ademais o peculiar xeito de facer as cousas de Chávez, xunto coas ansias por facerse cun espazo propio dalgúns sectores, está a provocar enfrontamento con algúns dos que foron os seus aliados, e de cara ás vindeiras eleccións, o campo propiamente chavista fica reducido ao PSUV e ao Partido Comunista. Para alén de máis, as prospeccións electorais son preocupantes, ao amosaren un medre na porcentaxe de persoas que, aínda definíndose como contrarios á volta da dereita ao poder, manifestan un rexeitamento á figura de Chávez. Se ese segmento do electorado fai primar o seu rexeitamento a quen, hoxe por hoxe, é a única garantía de continuidade do proceso, e non acode a votar, pode producirse un triunfo da dereita e o inicio dunha etapa de retrocesos en Venezuela.<sup>7</sup>

O resultado das eleccións de outubro no Brasil é tamén unha incógnita, pois a popularidade de Lula, que non se pode presentar de novo ás eleccións, supera con moito a da alianza política comandada polo Par-

*tido do Trabalho*. Mais a súa candidata, Dilma Russef<sup>8</sup>, conta con niveis de coñecemento e popularidade moi inferiores, ao non terse presentado nunca a unhas eleccións e, desde que se anunciou a precandidatura, está a ser duramente atacada pola dereita, lembrando o seu pasado na guerrilla e aireando supostas corruptelas no seu contorno. Ademais, a dereita é consciente da oportunidade que ten despois de oito anos de goberno Lula, e o seu candidato José Serra está moi ben situado.

Ninguén pode negar o avance económico e social no país, aínda manténdose desigualdades que semellan endémicas, o novo e positivo papel que está a desempeñar na esfera internacional e a forza que teñen os movementos sociais, sindicais e organizacións políticas que apostan por proseguiren e afondaren as reformas. E desde o seu nomeamento como candidata á presidencia, as opcións de Dilma Russef aumentaron moito, mais non sabemos que influencia pode ter a existencia de varias candidaturas que din estar á súa esquerda, candidaturas que nalgún caso contan con forte apoio mediático nun país no que os medios de comunicación de masas son monopolio da dereita. Tampouco se pode avaliar aínda o efecto da desilusión que se apoderou dalgúns sectores populares que criticaron unha política macroeconómica demasiado achegada á ortodoxia capitalista e poucos pasos adiante na reforma agraria.<sup>9</sup>

8 Sobre a situación diante das eleccións presidenciais, consultar o documento *Do PCdoB para Dilma: propostas para o Brasil avanzar*, aprobado pola Convención Electoral do PCdoB que acordou o apoio oficial á candidatura de Dilma Russef o pasado 16 de xuño, en <http://www.vermelho.org.br>

9 Consultar entrevista co dirixente do *Movimento dos Trabalhadores Sem Terra*, Gilmar Mauro, no *Correio da Cidadania* o 1 de maio de 2010, en <http://www.correio-cidadania.com.br>

7 Sobre o proceso venezolano, consultar de Amílcar Figueroa "El proceso venezolano" no libro *América Latina Hoy. ¿Reforma o Revolución?* [pp. 133-156], Editorial Oceansur. 2009



A política exterior de Barack Obama non se diferencia da do seu antecesor

**A CONTINUIDADE DO PROCESO.** Sendo fundamentais os resultados electorais que se dean no Brasil e Venezuela para o avance ou retroceso xeral, non debemos deixar de sinalar outros aspectos a ter en conta:

- I A crise económica e os procesos de integración:** Nalgún momento chegouse a considerar que os efectos da crise na rexión serían menores que en Europa ou nos EUA, agás no caso de \$centroamérica, O Salvador, Honduras e Nicaragua, fundamentalmente cunhas economías moi dependentes das remesas que envían os emigrantes nos EUA. Mais hoxe xa hai datos que reflicten os efectos xerais da crise, \$ralentizando o progreso acadado na zona no último decenio<sup>10</sup>. Perante esta situación, precisase de afortalar o papel dos estados nas economías e avanzar nos diversos procesos de integración rexional que están en marcha, p.e. ALBA, Mercosul, Banco do Sul, Unasul, etc.
- I O papel dos norteamericanos na zona:** Xa sexa directamente, ou empregando como peóns os gobernos de Colombia e Chile, vai seguir sendo moi importante, e da súa actitude máis ou menos respectuosa cos procesos que se están a dar dependerá o aumento ou diminución da tensión. A perspectiva non é boa, tendo en conta os movementos claramente agresivos que fixo a administración norteamericana nos últimos dous anos.
- I A construción de instrumentos políticos:** Aqueles procesos que se abriron, froito dun colapso dos gobernos do sistema e contan cun liderado individual moi marcado –Ecuador e Venezuela fundamen-

talmente– precisan con urxencia de se fortaleceren e se colectivizaren. Só a creación dun instrumento político unitario de masas, dotado dun programa transformador permitirá avanzar máis rapidamente e resistir mellor a ofensiva da dereita. Nestes procesos, tanto o tradicional minifundismo do campo popular, como a excesiva dependencia do líder provocan unha ralentización dos procesos de construción da organización ou da alianza política.

- I A necesidade de manter a tensión e ser autocríticos:** Todos os procesos precisan de proceder periodicamente a unha análise dos avances e retrocesos, mantendo a tensión nas bases e analizando o funcionamento. Recentemente observamos como en Bolivia e Uruguai,<sup>11</sup> aínda mantendo a maioría, cederon posicións á dereita: no primeiro caso, debido a enfrontamentos entre aliados; e no segundo, pola desmobilización da base propia e un certo anquilosamento das estruturas.
- I O mantemento da perspectiva de mudanzas:** Cuestión sempre complexa cando se goberna e se mantén un traballo intenso que, en moitas ocasións, impide a reflexión e planificación e pode levar a confundir estar no goberno e o labor de xestión diaria con ter o poder e estar a levar a cabo as transformacións programáticas ■

<sup>10</sup> Consultar documentos da *Comisión Económica para América Latina y el Caribe das Nacións Unidas: América Latina, del auge a la crisis e A hora da igualdade, brechas por selar: caminos por abrir* en <http://www.eclac.org>

<sup>11</sup> Sobre o debate aberto na Fronte Ampla despois das eleccións do pasado mes de maio consultar: Documento aprobado pola Mesa Política da Fronte Ampla o 26 de maio de 2010, entrevista ao Vicepresidente Danilo Astori en <http://www.ultimasnoticias.com.uy> o 12 de maio de 2010, número de xuño de 2010 de *Participando* (voceiro do MPP), entrevista ao secretario xeral do PCU Eduardo Lorier o 13 de maio de 2010 en <http://www.espectador.com> e números 95 a 99 de *El Popular* (semanario do PCU)